

INFORMACIÓN AOS MEDIOS**AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, MARTES, 8 DE SETEMBRO DE 2026****PRESIDENCIA****VIGO**

12,00 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado polo conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez participará no acto de apertura do curso 2026/27 no Sistema Universitario de Galicia.

TURISMO DE GALICIA**OURENSE**

13,00 h.- O comisario do Xacobeo 2027, Marcos Gómez Román, asistirá á presentación da 5ª edición do festival OUR FEST, no marco dos Concertos do Xacobeo.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**ORDES (A Coruña)**

10,30 h.- A delegada da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará o parque empresarial de Merelles para supervisar as obras de mellora realizadas das súas redes de distribución eléctrica.

A CORUÑA

20,00 h.- A delegada da Xunta na Coruña, Belén do Campo, asistirá á celebración relixiosa organizada polo Centro Asturiano da Coruña para conmemorar a festividade da Virxe de Covadonga, patroa do Principado de Asturias.

Posteriormente, ás 21,00 h., participará no acto social organizado polo Centro Asturiano da Coruña con motivo desta celebración.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL

FERROL

12,00 h.- A delegada da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, xunto ao director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, Roberto Barba, visitará a asociación Teima Down Ferrol con motivo das axudas para a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

RIBADEO (Lugo)

11,30 h.- O delegado da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, asistirá aos actos con motivo da festividade da patroa da localidade, Santa María do Campo.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

TOMIÑO (Pontevedra)

11,00 h.- O delegado da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, visitará o resultado das obras de mellora enerxética e conservación da Casa Mulleres Rurais.

PONTEVEDRA

13,00 h.- O delegado da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, participará na presentación do torneo EncestaRías.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

VIGO

10,30 h.- A delegada da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, reunirase coa nova directora da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal, Aldara Vázquez.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

AMES (A Coruña)

10,30 h.- O secretario xeral para o Deporte, Roberto García, e o comisario do Xacobeo 2027, Marcos Gómez Román, asistirán á presentación do *Campionato do Mundo 100K*.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

10,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, participará no pleno extraordinario do *Foro do Litoral de Galicia*.

RIBEIRA (A Coruña)

12,30 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, acompañada da delegada da Xunta na Coruña, Belén do Campo, acompañará aos axentes da Unidade de investigación para a conservación da natureza (Uicon) durante unha xornada de traballo.

CATOIRA (Pontevedra)

16,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, acompañará aos axentes da Unidade de investigación para a conservación da natureza (Uicon) durante unha xornada de traballo.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

PARLAMENTO

16,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, comparecerá a petición propia no Pleno para informar sobre as políticas educativas no marco do inicio de curso 2026/27.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

BOIRO (A Coruña)

12,00 h.- A conselleira de Economía e Industria, **María Jesús Lorenzana**, acompañada da directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, Margarita Ardao, realizará unha visita a Samala Shipyard, antigos Asteleiros Triñanes.

FERROL

10,00 h.- O director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila, e a delegada da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, participarán na presentación da nova Business Factory Energy.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

CIDADE DA CULTURA

09,30 h.- O director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Damián Rey, inaugurará a xornada *O dato para a xestión do territorio. Xemelgos dixitais ao servizo público*.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

ROIS (A Coruña)

13,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, manterá un encontro cun beneficiario da liña de axudas para adquisición de vivenda dirixida a menores de 36 anos en concellos de menos de 10.000 habitantes e informará sobre a actual convocatoria.

SAN CAETANO

16,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, manterá unha reunión de traballo co alcalde de Frades, Roberto Rey Martínez.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

16,00 h.- A directora xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas, asistirá á xornada *Amizade en torno a Baltar*, sobre a figura de Rafael Baltar.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

SAN LÁZARO

11,00 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, acompañado polo director xeral de Integración e Innovación Asistencial do Sergas, Alfredo Silva e pola subdirectora xeral de Atención á Saúde Mental do Sergas, Almudena Díaz, presentará en **rolda de prensa** o Plan estratéxico de saúde mental de Galicia 2026-2030.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

CIDADE DA CULTURA

11,00 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, acompañado polo director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, manterá unha xuntanza con directores e directoras de museos para abordar a seguridade nestes equipamentos.

A LARACHA (A Coruña)

13,00 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, asistirá á misa na honra da Nosa Señora dos Milagres de Caión.

VIGO

11,00 h.- O director da Axencia Galega das Industrias Culturais, Jacobo Sutil, participará na **rolda de prensa** do ciclo musical *Novos Pulsos*.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

FERROL

11,00 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, participará na inauguración da xornada *Claves empresariais para liderar a transición ecolóxica*, organizada por Aje Galicia.

VILANOVA DE AROUSA (Pontevedra)

09,30 h.- O director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, participará na **rolda de prensa** de presentación da campaña de *Volta ao cole* impulsada pola Asociación de comerciantes de Vilanova de Arousa, Vilanova Centro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ARTEIXO (A Coruña)

12,00 h.- A directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, Zeltia Lado, participará no acto de clausura do Programa Integrado de Emprego (PIE) 2025-2026 impulsado polo Concello de Arteixo.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**A ESTRADA (Pontevedra)**

11,00 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, visitará unha plantación de maceiras para sidra.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O BARCO DE VALDEORRAS (Ourense)

12,00 h.- O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, fará entrega a Viveiros López Vid dunha mención especial polo desenvolvemento do proxecto Plantavid, recoñecido pola Xunta na sección de Viticultura e Enoloxía do *V Foro de Innovación Produtiva do Sector Agrario*. Nas instalacións do viveiro no Parque empresarial A Raña, rúa 7.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

13,00 h.- A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, manterá un encontro co alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro. No despacho da directora, na sede da axencia (lugar da Barcia, 56 – Laraño). **SÓ GRÁFICOS.**

CONSELLERÍA DO MAR

O PORTO DO SON (A Coruña)

10,30 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, e a conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, asistirán á celebración da festividade do Carme e participarán na procesión marítima. A saída realizarase na capela da Atalaia (localización: <https://maps.app.goo.gl/zvA4D7XZ3LKsTdVK8>).